

Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros. Abril 2006

COMUNICADO

Notable aumento en abril de 2006 do gasto total dos viaxeiros que pernoitan en establecementos hoteleiros de Galicia con respecto ao mesmo mes do ano anterior

En abril de 2006 aumentou nun 47,3% o gasto total dos viaxeiros que pernoitan en establecementos hoteleiros de tres e máis estrelas de Galicia con respecto ao mesmo mes do ano anterior

O gasto total dos viaxeiros que pernoitan en establecementos hoteleiros de tres e mais estrelas ascendeu a 45.071,3 miles de euros en Abril de 2006, cun aumento interanual do 47,3%. Nesta comparación hai que ter en conta o feito que no ano 2006 a Semana Santa celebrouse neste mes, mentres que no 2005 tivo lugar en marzo. Así, se corriximos a serie de efecto calendario a variación interanual do gasto total sitúase nun 19,9%.

Deste volume total, o 46,2% corresponde o gasto realizado en aloxamento e pensión, cun importe de 20.823,3 miles de euros. O gasto en restaurantes e cafeterías, cunha porcentaxe do 25,3%, ascende a 11.397,8 miles de euros. O importe gastado en paquete turístico ascende a 4.380 miles de euros, o que representa un 9,7% do total. O gasto en desprazamentos, representando o 6,1%, é de 2.739,1 miles de euros.

No que vai de ano, a taxa de variación do gasto total acumulada sitúase nun 24%. O crecemento acumulado é do 20,6% en termos da serie corrixida de efecto calendario.

Aumenta nun 1,1% o gasto diario medio por persoa en Abril de 2006 con respecto ao mesmo mes do ano anterior

O gasto diario medio por persoa experimentou un aumento do 1,1% en Abril de 2006 con respecto ao mesmo período do mes anterior, situándose en 127,8 euros. A variación acumulada no que vai de ano sitúase en -1,9%.


Segundo a forma de organización da viaxe, o gasto diario medio das persoas que viaxaron cun paquete turístico situase en 117,8 euros, descendendo en taxa interanual nun 4,5%. O gasto diario medio das persoas que non viaxan con paquete turístico situouse en 129,5 euros, cun aumento interanual do 2,3%.

Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros. Abril 2006. Datos provisionais.

	Dato	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Gasto total (miles de euros)	45.071,3	47,3%	24,0%
Gasto diario medio por persoa (euros)	127,8	1,1%	-1,9%
Datos corrixidos de efecto calendario			
Gasto total (miles de euros)	39.961,5	19,9%	20,6%

FONTE: IGE. Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros

No seguinte gráfico pódese observar a variación interanual do gasto total e do gasto diario medio por persoa dende 2004.



FONTE: IGE, INE. Estatística de ocupación no turismo rural

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
 Complexo Administrativo San Lázaro s/n
 15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
 Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
 FAX: 981.54.13.23
 Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>
 e-mail: ige@xunta.es